

PROXECTO
EDUCATIVO
DE
CENTRO

ESCOLA INFANTIL BREOGÁN



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	4
1. ANÁLISE DO CONTEXTO	5
1.1. HISTORIA DO CENTRO.....	5
1.2. TITULARIDADE, FINANCIAMENTO E TIPO DE XESTIÓN.....	5
1.3. ENTORNO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL.....	5
1.4. ESPAZOS.....	7
1.5. CALENDARIO E HORARIO	8
1.6. UNIDADES E PRAZAS AUTORIZADAS.....	8
1.7. PERSOAL DO CENTRO	8
2. SINAIS DE IDENTIDADE	8
2.1. VALORES EDUCATIVOS	8
2.2. LIÑA PEDAGÓXICA	10
2.3. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS.....	11
2.4. TRATAMENTO LINGÜÍSTICO	12
3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO.....	13
4. ORGANIZACIÓN ESCOLAR	14
4.1. PARTICIPACIÓN E GOBERNO DO CENTRO	14
4.1.1. Comunidade educativa.....	14
4.1.2. Entidade titular.....	15
4.1.3. Dirección do Centro.....	15
4.2. ORGANIZACIÓN DO PERSONAL DO CENTRO	15
4.2.1. Equipo educativo (Mestras/es e técnicos/as).....	15
4.2.2. Persoal de apoio (persoal técnico).....	16
4.2.3. Persoal de cociña.....	16
4.3. REUNIÓN DO EQUIPO EDUCATIVO E POR NIVEIS.....	17
4.4. SERVICIOS QUE OFERTA.....	17
4.4.1. Atención educativa.....	17
4.4.2. Asesoramento pediátrico.....	17
4.4.3. Servizo de comedor e cociña.....	18
5. PROPOSTA PEDAGÓXICA.....	19

5.1.	OBXECTIVOS.....	19
5.1.1.	Area de comunicación e representación da realidade.....	19
5.1.2.	Crecedemento en harmonía	20
5.1.3.	Descubrimento e exploración da contorna.....	20
5.2.	CONTIDOS.....	21
5.2.1.	Area de comunicación e representación da realidade.....	21
5.2.2.	Crecedemento en harmonía	22
5.2.3.	Descubrimento e exploración da contorna.....	23
5.3.	ÁREAS.....	23
5.3.1.	Area de comunicación e representación da realidade.....	23
5.3.2.	Crecedemento en harmonía	24
5.3.3.	Descubrimento e exploración da contorna.....	25
5.4.	PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS	25
5.4.1.	Area de comunicación e representación da realidade.....	27
5.4.2.	Crecedemento en harmonía	27
5.4.3.	Descubrimento e exploración da contorna.....	28
5.5.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	28
5.6.	PERÍODO DE ADAPTACIÓN	29
5.7.	OS ESPAZOS	29
5.8.	OS TEMPOS.....	31
5.9.	A ORGANIZACIÓN DA XORNADA DIARIA: AS RUTINAS.....	32
5.10.	OS MATERIAIS.....	38
5.11.	TRATAMENTO LINGÜÍSTICO	39
5.12.	AVALIACIÓN.....	40

INTRODUCCIÓN

Entendemos por Proxecto Educativo (PE) un instrumento que marca o carácter propio e personalidade do Centro, referido a todo o ámbito educativo tanto a nivel organizativo e de xestión como o docente/pedagóxico. Enumera e define as súas notas de identidade e propicia unha maior unidade de criterios en todos os ámbitos da actuación educativa.

Ademais, serve como punto de referencia e ten vocación de continuidade e estabilidade. Debe ser un documento flexible, aberto, breve e claro no seu contido.

Para a súa elaboración partimos dunha contextualización clara e completa, e dunha visión de Centro como unha organización que propicia asistencia e educación.

En canto á súa estrutura, responde a catro preguntas clave, de proxecto e de educación no seu máis amplo sentido:

ONDE ESTAMOS?	ANÁLISE DO CONTEXTO
QUEN SOMOS?	NOTAS DE IDENTIDADE
QUE PRETENDEMOS?	FORMULACIÓN DE OBXECTIVOS
DE QUE MEDIOS DISPOÑEMOS?	ESTRUTURA ORGANIZATIVA

Para elaboración do proxecto manexamos a lexislación seguinte:

LOMLOE Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro pola que se modifica a LOE: Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

R.OC Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das Escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Orde que regula a organización dos Centros de Infantil e Primaria. Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das Escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97).

Currículo de Educación Infantil. Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto para o plurilingüismo. Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Avaliación de Educación Infantil (2º Ciclo) . Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galicia.

Atención á diversidade. Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado de alumnado con necesidades educativas especiais.

Decreto 329/2005 do 28 de xullo polo que se regulan os Centros de menores e os Centros de atención á infancia.(DOG 16 de agosto 2006).

1. ANÁLISE DO CONTEXTO

1.1. HISTORIA DO CENTRO

A Escola Infantil foi creada no ano 1978 por iniciativa dun grupo de pais e nais da Universidade de Santiago de Compostela, tendo a ubicación inicial no Burgo das Nacións.

A titularidade da Escola e a súa xestión lévanse a cabo por unha Asociación de Nais e Pais que elaboran o primeiro Regulamento de Réximen interno polo que se rixen, dependendo o persoal do Convenio do Ensino privado.

En xuño do ano 1985 a Xunta de Goberno aprobou a integración da Escola como Servizo da USC, pasando as traballadoras do Centro a formar parte do cadro de persoal laboral. É no ano 1988, debido á construción do Auditorio de Galicia, cando se habilitou o actual edificio que agora ocupamos, situado na Avenida de Vigo s/n, Campus Vida.

En 1992 aprobouse en Xunta de Goberno o primeiro Regulamento de Réxime Interno e redúcense as idades dos nenos e nenas, de 4 meses a 4 anos. Posto que nun principio as idades eran de 9 meses a 6 anos. Actualmente recibimos nenos e nenas de 4 meses ata 3 anos.

1.2. TITULARIDADE, FINANCIAMENTO E TIPO DE XESTIÓN

A Entidade titular do Centro é a Universidade de Santiago de Compostela

Q1518001A

Enderezo: Colexio San Xerome. Praza do Obradoiro s/n. 15782. Tlf: 881 811 011

Representante Legal: Reitor/a da Universidade de Santiago de Compostela

Nº Inscripción no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais: E-1064 C-1

O tipo de xestión é directa e finánciase con fondos públicos.

1.3. ENTORNO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL

A Escola Infantil Breogán ubícase no Campus Universitario do Concello de Santiago de Compostela. Campus Vida (Avenida de Vigo s/n 15782).



- Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA)
- 34 Instituto de Ciencias da Educación (ICE)
- Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA)
- Oficina de Cursos Internacionais
- 35 Escola Infantil Breogán
- 36 Biblioteca “Concepción Arenal”
- Facultade de Dereito
- 37 Instituto de Criminoloxía
- Escola de Práctica Xurídica
- Instituto de Dereito Industrial (IDIUS)

O concello de Santiago abrangue o casco histórico, o ensanche, os barrios dos arredores e un total de 29 parroquias máis. Ten unha extensión de 223 km cadrados e unha poboación de 95.000 habitantes. Sen embargo calcúlase que a poboación de feito é superior aos 116.000 habitantes, pois 33.000 son estudantes da USC.

A cidade, que se ergue a uns 260 metros sobre o nivel do mar, limita cara o leste coas terras do interior galego e cara o oeste achégase ao litoral atlántico que se abre a só 30 quilómetros.

Santiago de Compostela é unha cidade considerada como a capital administrativa, social, cultural e comercial da Comunidade Autónoma de Galicia; cidade declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO grazas ao seu carácter multicultural e por ser meta dunha milenaria ruta de peregrinación.

A base da economía de Santiago de Compostela é o sector servizos: hospitais, administración, universidade, etc. O nivel sociocultural pode considerarse medio-alto.

O clima oceánico húmido garante suaves temperaturas ao longo do ano. A media anual sitúase á volta dos 15°C – 8°C e no verán transcorre entre os 20°C e 27°C con precipitacións frecuentes no inverno e de xeito variable en primavera e outono.

A Escola está ubicada no Campus Vida, un entorno privilexiado para o desenvolvemento da nosa labor educativa. Contamos cunha ampla oferta de posibilidades e servizos: moitas zonas verdes, facultades, bibliotecas, instalacións deportivas (piscina, pista de atletismo, pistas de tenis, campus de fútbol, etc), museo das ciencias, observatorio, imprenta, servizo médico, residencias universitarias, etc.

No noso contorno coexisten dúas linguas oficiais: o galego e o castelán. Empregarase de xeito prioritario o galego, para todas aquelas comunicacións que teñan lugar dentro da nosa comunidade autónoma.

RELACIÓN DA ESCOLA CO CONTORNO

A Escola relaciónase con outros centros ou servizos da propia Universidade como é a Facultade de Ciencias da Educación, sobre todo os graos de Pedagogía e de Educación social, dos cales recibimos alumnos/as en prácticas durante o curso, e igualmente ocorre co Consello Social e con Relacións Internacionais. O noso Centro tamén é solicitado para a realización de prácticas por outras institucións externas, como son o CIFP Compostela (Centro Integrado de Formación Profesional) e outros.

Ao mesmo tempo, mantemos unha estreita relación co Servizo de Voluntariado.

Dende o propio Centro e partindo das aulas establecemos relacións co contorno mais preto facendo excursións polo Campus, visitamos as pistas de atletismo, a piscina universitaria, as pistas de tenis, o estanque, a “porta máxica” xiratoria dos Colexios Maiores, o labirinto, etc.

Tamén algunha saída pola cidade: visita ao casco histórico (Praza do Obradoiro), ao Mercado, aos Bombeiros, á Alameda, Museo de Ciencias Naturais, Contacontos, etc.

1.4. ESPAZOS

O noso Centro conta con espazos amplos e suficientes. Distribúense do seguinte xeito:

- 7 aulas, 6 delas comunícanse entre sí. Hai unha independente
- 3 dormitorios independentes e 4 dentro das propias aulas
- 5 baños, adaptados aos nenos e nenas
- Un patio interior que utilizan tódalas aulas ao longo do día, sendo o único espazo cuberto co que contan os nenos e nenas para desafogarse, correr, berrar, trepar, etc. Está dotado con tobogáns, triciclos, barcas, coches, pelotas, colchonetas e unha casa entre outros.
- Unha cociña e un comedor
- 1 despacho
- 1 comedor que utilizamos como sala de reunións
- 3 salas para almacenamento de materiais
- 1 sala de caldeiras
- 1 sala de lactancia
- 2 baños para adultos

En canto ao espazo exterior contamos cunha ampla zona axardinada. Unha pequena parte con acceso directo dende a aula neno. O resto, a súa vez, está distribuído en tres áreas distintas:

- Unha parte ampla con zona verde e areeiro, cabana de madeira e tobogáns.
- Outra máis reducida e separada da anterior, equipada con columpios, areeiro, tobogáns, etc.
- Unha terceira onde ademais de areeiro temos unha horta. Esta ofrece outras moitas posibilidades ao tratarse de terreo bastante irregular.
- Unha última parte que acaba de engadirse á Escola e que aínda non se está utilizando.

1.5. CALENDARIO E HORARIO

A Escola Infantil atópase aberta todo o ano, de luns a venres, en horario de 7.45 a 18.00 horas.

A Escola pecha durante o mes de agosto e unha semana no Nadal.

No mes de xullo, Nadal e Semana Santa, redúcese o horario, sendo este de 8.30 a 15.00 horas.

1.6. UNIDADES E PRAZAS AUTORIZADAS

A Escola conta con 7 unidades e 95 prazas autorizadas distribuídas en:

- 2 unidades de 0-1 ano: 8+8 prazas
- 3 unidades de 1-2 anos: 13+13+13 prazas
- 2 unidades de 2-3 anos: 20+20 prazas

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos e nenas poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

- Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.
- Grupos formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3 anos: 1/15.

1.7. PERSOAL DO CENTRO

O Centro conta con 14 traballadores/as.

O equipo educativo compóñeno 4 mestras especialistas en E.I., sendo unha delas a directora e 8 técnicos superiores en E.I.

O persoal de cociña está composto por 2 cociñeiras.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

2.1. VALORES EDUCATIVOS

Educación en valores non é tarefa fácil. A miúdo é fonte de conflitos, pero ao ser a educación un proceso de socialización, de interiorización de hábitos, coñecementos e de ideas, carrega

paralelamente un proceso de transmisión de valores. Na educación transmitense e exercítnense os valores que fan posible a vida en sociedade, singularmente o respecto a todos os dereitos e liberdades fundamentais; adquirense os hábitos de convivencia democrática e de respecto mutuo, prepárase para a participación responsable nas distintas actividades e instancias sociais. A educación permite avanzar na loita contra a discriminación e a desigualdade.

É por isto que se fai imprescindible nun Proxecto Educativo explicitar eses valores e establecer as liñas de actuación que estes determinarán sabendo, ao tempo, que estes valores non existen á marxe da dinámica social, e non poden ignorar a realidade socio-económica e cultural nin o marco de referencia onde nos desenvolvemos, polo que, como primeiro punto, explicitamos os valores constitucionalmente recoñecidos en materia de educación como son a aconfesionalidade, a coeducación, a igualdade de oportunidades e os valores democráticos.

Así mesmo é importante sinalar que educar en valores é un traballo continuo, é crear uns espazos onde se poidan desenvolver, é observar unhas condutas que permitan comprendelos, é "vivilos" en toda a comunidade educativa dentro dunha "planificación intencional" onde se fagan presentes. Os temas transversais (educación para a paz, educación para a igualdade de oportunidades, educación para a saúde, educación ambiental, educación do consumidor) abordados de xeito amplo en toda a etapa de Educación Infantil e asumidos polos seus profesionais, guían as actividades e experiencias da comunidade educativa e supoñen darlle prioridade e concreción no currículo desa educación en valores, traducíndose en propostas metodolóxicas concretas.

Seguindo este razoamento, faise evidente a importancia que ten o "equipo docente" e cada un dos profesionais que o integramos, esixíndonos non só un compromiso individual, senón tamén, un modelo organizativo democrático e participativo e unhas liñas metodolóxicas claras baseadas na investigación, participación, a reflexión, a crítica e o ensino activo e construtivo.

No noso intenso proceso de reflexión consideramos os seguintes valores, sabendo que a división que establecemos é formal xa que non existen compartimentos estancos cando de principios xerais estamos falando:

1. Respecto e tolerancia

É necesario propiciar a consideración do outro, neno, nena ou adulto, adulta, admitindo os diferentes enfoques e opinións dentro dun clima de tolerancia, cordialidade e honestidade. Así mesmo, promover a valoración dos outros seres vivos, os obxectos e a nosa contorna natural.

2. Respecto á diversidade

É preciso fomentar actitudes de respecto ante realidades individuais diversas tanto desde o punto de vista cultural, social e económico como desde o propio individuo. O individuo é "único" por orixe, sexo, condicións sociais, características físicas, aptitudes, estilos cognitivos e afectivos. O noso obxectivo é propiciar a igualdade de dereitos e obrigacións, a non discriminación do individuo, a aceptación das "diferenzas" e o enriquecemento persoal que estas comportan.

3. Autonomía

Buscarase propiciar o desenvolvemento integral dos nenos e nenas nos aspectos físicos, afectivos e intelectuais, facilitando os recursos que favorezan a toma de iniciativa persoal dentro do grupo e que permitan os procesos de introspección e coñecemento do mundo interno, para crear unha imaxe propia.

Neste sentido, hai que favorecer o coñecemento e valoración dos propios límites e posibilidades, potenciando a autoestima e o establecemento de relacións sociais cos iguais e cos adultos. É, á fin e

ao cabo, crear os "espazos" que permitan o desenvolvemento individual harmónico e a inclusión e participación no grupo.

4. Socialización

É necesario apreciar a función social da Escola como primeiro ámbito de relación ampliada do/da neno/a, onde terá a súa primeira experiencia social fóra do seu núcleo familiar. Polo que se deben facilitar os recursos que permitan ao/á neno/a establecer as relacións sociais e afectivas, desenvolvendo actitudes de colaboración e apoio que propicien o respecto ás pautas e normas que determina tanto o grupo de referencia, como o grupo ampliado.

5. Colaboración

Procurarase transmitir o interese polo colectivo, polo grupo e a tarefa común, promovendo actitudes de cooperación e axuda de forma que se facilite a participación, a comunicación e o compromiso de cada un dos individuos cun obxectivo común.

6. Creatividade

É preciso fomentar a utilización dos recursos persoais para enfrontarse ás diferentes situacións creando alternativas e buscando solucións innovadoras. Propiciar que o/a neno/a se enfronte á realización de tarefas e actividades buscando "novas formas de facer", facilitando a investigación, o descubrimento e a creación de diferentes respostas.

7. Espírito crítico

É necesario fomentar a análise e reflexión sobre a contorna socio-cultural, promovendo actitudes flexibles ante outros puntos de vista e de cambio de perspectiva ante a realidade. Facilitar a crítica construtiva que permita ao/á neno/a modificar a súa actitude ante sucesos diferentes e coñecendo os seus propios límites, poder actuar activamente no medio que o/a rodea.

8. Responsabilidade

É indispensable propiciar actuacións en consecuencia cos propios principios e valores, respectando os aceptados pola comunidade escolar de forma que se facilite a iniciativa e toma de decisións persoais. Se se promove a avaliación e a reflexión sobre o propio traballo e o traballo do grupo, favorecerase a adquisición dun compromiso individual e colectivo coa tarefa e cos individuos.

2.2. LIÑA PEDAGÓXICA

Está baseada principalmente na afectividade, na observación, na experimentación e no xogo a través dun proxecto educativo global e integral.

Os principios de intervención educativa son os fundamentos que temos que ter en conta para axudar ás nenas e aos nenos a acadar os obxectivos e a desenvolver as súas capacidades.

Dentro da nosa liña metodolóxica/pedagóxica teremos en conta os seguintes principios:

Principio de Afectividade: pensamos que a afectividade debe ser o fío condutor de todo proceso de ensino-aprendizaxe. Será importante crear un clima de seguridade e confianza que axuden á formación dun autoconceito positivo.

Principio de Actividade: "aprender facendo". As nenas e nenos serán protagonistas activos da súa aprendizaxe.

Principio de Autonomía: é este un principio de gran importancia para a adquisición de aprendizaxes significativas. A autonomía van a adquirila sobre todo mediante o establecemento de hábitos e rutinas.

Principio de Globalización: este é un principio que responde á forma que ten o/a neno/a de adquirir o coñecemento, que nun principio é global e sincrético, a través da percepción da totalidade.

Aprendizaxes Significativos: esta aprendizaxe supón establecer relacións entre os novos coñecementos e os xa existentes na estrutura cognitiva. Supón ter en conta os coñecementos previos, debe existir interese e motivación.

Principio de Socialización: aínda que o egocentrismo está presente, os/as nenos/as empezan a interesarse polos “outros”; van captando normas e amosan interese por xogar con outros/as nenos/as.

Principio de Individualización : atención á diversidade; sabemos que cada neno/a posúe distintos intereses, motivacións, aptitudes, distintos ritmos de aprendizaxe e maduración polo que na nosa labor educativa faremos as adaptacións pertinentes para atender así as peculiaridades de cada un/unha.

Principio do Xogo: o xogo pode ser considerado o recurso por excelencia, do cal dicimos que é un medio e un fin en sí mesmo. Todas as actividades terán carácter lúdico.

Principio da observación e a experimentación: a observación é a forma básica de coñecemento a través dos sentidos, é innata. Dende moi pequeno/a o/a neno/a válese dela para o coñecemento de sí mesmo/a e da realidade. A experimentación é o modo máis significativo de acercamento á realidade. Os nenos e as nenas necesitan manipular o entorno para captalo mellor a través dos seus sentidos.

2.3. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

Os dous polos principais de relación co medio social durante o primeiro ciclo da educación infantil son a Escola e a familia, de ambas as dúas recibirán as/os nenas/os as normas e os valores que marcarán o seu desenvolvemento, polo que as relacións que se establezan entre unha e outra serán fundamentais para unha intervención educativa axeitada.

Para facilitar o tránsito do ambiente familiar ao escolar, deberase coidar dun xeito especial o período de adaptación, para que as nenas e nenos poidan elaborar o paso á nova situación que implica establecer e coñecer espazos diferentes, establecer apego con adultos descoñecidos e adaptar os seus ritmos individuais á vida en comunidade.

Na planificación da intervención educativa do primeiro ciclo, o equipo educativo terá en conta a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa consecuente participación na vida da Escola.

Un dos momentos de colaboración e información entre a Escola e a familia é a finais do mes de xuño cando se citan para reunión de aula co/coa titor/a que lle corresponde. Aquí facilítaselle ás familias información sobre o funcionamento do Centro: normas pediátricas, período de adaptación, menús, horarios, etc. Explicáselles detalladamente a importancia do período de adaptación, en que consiste e por que cremos que é moi importante poñerse de acordo entre as familias e o persoal educador para axudar a que esta adaptación sexa positiva.

Adoptaranse medidas como que cada nena e neno se incorpore no grupo un a un, primeiro coa súa nai ou pai, e pouco a pouco, para reforzar a vosa volta; o primeiro día media hora e sempre cos pais ou nais, o segundo día un pouquiño máis, alongándolle o tempo da estadía xa só, ata que faga o horario normal cando así o considere a persoa educadora a cargo da clase. Os nenos e nenas que ademais queden a xantar, tamén se lles dará un tempo para adaptarse ao comedor e á sesta.

A relación Escola/colaboración coas familias lévase a cabo de distintos xeitos:

Intercambios de información diaria: estes intercambios fanse a través dunha libreta de aula, e tamén mediante contacto directo coas familias.

Titorías: aínda que non existen uns días de titorías establecidos, cada pai/nai, educador ou educadora poderá solicitalo cando o considere oportuno.

Participación das familias en actividades, proxectos, festas, xornadas de formación, etc.

Reunións periódicas e sistemáticas

Formar parte de órganos colexiados (Comisión de Escola)

Asociación de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas.

2.4. TRATAMENTO LINGÜÍSTICO

Tendo en conta a lexislación vixente (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia), na administración educativa de Galicia e nos Centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito; tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

As programacións e outros documentos didácticos redactaranse, con carácter xeral, na lingua galega.

Nas actuacións administrativas de réxime interno do Centro como comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Darase carácter prioritario ao proceso de adquisición da lingua xe nas dúas linguas cooficiais.

Debe prestarse especial atención ao desenvolvemento de actitudes positivas e de respecto, tanto cara ao repertorio lingüístico persoal coma ao das demais persoas, coa fin de espertar a sensibilidade e a curiosidade por coñecer outras linguas e convidando a explorar outras formas de expresión. Sempre dende a realidade da nosa comunidade, na que conviven dúas linguas cooficiais que o alumnado debe coñecer, utilizar e valorar como parte da súa identidade.

Na etapa do ensino na que nos atopamos, educación infantil; o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, aínda que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa cara ao seu uso como vehículo de comunicación.

O emprego das dúas linguas oficiais incorporárase ás rutinas cotiás como xogos, cancións, trabalinguas, etc., de xeito que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Deste xeito, atenderase de forma individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

Así mesmo, fomentárase unha primeira aproximación á lingua estranxeira.

3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

Os obxectivos xerais son os logros que se espera que o alumnado acade ao finalizar esta etapa educativa. A súa consecución está vinculada á adquisición das competencias clave.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lle permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse cos demais en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes lingua xes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

As competencias son desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Na educación infantil promoveremos o desenvolvemento das seguintes competencias:

- a) Competencia en Comunicación Lingüística (CLL)

Traballaremos esta competencia potenciando os intercambios comunicativos entre os/as nenos/as e as persoas adultas. A oralidade terá un papel destacado como instrumento de comunicación e como fonte de achegamento á cultura literaria a través de contos, rimas, cancións, poemas...

- b) Competencia Plurilingüe (CP)

Iniciaremos ás nenas e nenos noutras linguas distintas á da familia mediante o contacto con diferentes persoas e facendo tamén uso de contos, cancións, poemas...

- c) Competencia Matemática e Competencia en Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñaría (STEM)

Promoveremos ó inicio ás destrezas lóxico-matemáticas a través do xogo e a manipulación de obxectos .

d) Competencia Dixital (CD)

Trátase con esta competencia de iniciar ós nenos e ás nenas no proceso de alfabetización dixital, aínda que neste tramo de idade faremos só uso de medios tecnolóxicos para a realización de audicións, evitando sempre o contacto visual das crianzas coas pantallas.

e) Competencia Persoal, Social e de Aprender a Aprender (CPSAA)

É especialmente relevante que os nenos e nenas se recoñezan a si mesmos como seres únicos, diferentes aos demais, iniciándose tamén no recoñecemento de emocións e sentimentos. Traballaremos esta competencia ofrecendo un clima agradable de seguridade e confianza.

f) Competencia Cidadá (CC)

Co obxectivo de sentar as bases dunha cidadanía democrática, ofreceremos modelos positivos que favorezan aprendizaxes baseados nos valores de respecto, equidade, inclusión, igualdade e convivencia. Potenciaremos a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas diarias.

g) Competencia Emprendedora (CE)

A estimulación da curiosidade, a iniciativa , a imaxinación a disposición para indagar e crear mediante o xogo, sentan as bases do pensamento estratéxico e creativo, fomentando así a competencia emprendedora.

h) Competencia en Conciencia e Expresión Culturais (CCEC)

O enriquecemento da identidade foméntase nesta etapa mediante a expresión creativa de ideas, sentimentos e emocións a través das diferentes linguaxes e distintas formas artísticas. Un primeiro achegamento ás manifestacións culturais e artísticas axudan ao desenvolvemento da conciencia cultural e o sentimento de pertenza a unha sociedade.

4. ORGANIZACIÓN ESCOLAR

4.1. PARTICIPACIÓN E GOBERNO DO CENTRO

4.1.1. Comunidade educativa

ALUMNADO: A Escola conta con 7 unidades e capacidade para 95 alumnos/as

EQUIPO EDUCATIVO : Formado por 12 persoas (4 mestres/as, un/unha exerce a función de Dirección e 8 técnicos/as en educación infantil).

COCIÑEIRAS: 2 Persoas

FAMILIAS

ANPA

COMISIÓN DA ESCOLA: constituída pola Xerencia ou persoa en quen delegue, a Dirección do Centro, dúas persoas do equipo educativo e tres representantes das nais e pais.

4.1.2. Entidade titular

Universidade de Santiago de Compostela

Q1518001A

Enderezo: Colexio San Xerome. Praza do Obradoiro s/n. 15782

Tfno: 881 811 011

Representante Legal: Reitor/a da Universidade de Santiago de Compostela

Nº Inscripción no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais: E-1064 C-1

4.1.3. Dirección do Centro

A Dirección representa ao Centro e responsabilízase do seu correcto funcionamento.

As súas funcións son:

- a) Exercer a xefatura organizativa do persoal adscrito ao Centro, ostentando a representación da Escola Infantil perante calquera outra entidade pública ou privada.
- b) Responsabilizarse da correcta xestión do Centro.
- c) Supervisar e organizar o traballo de todo o persoal da Escola.
- d) Dinamizar a elaboración do proxecto educativo da Escola e da proposta pedagóxica en colaboración directa co persoal educativo.
- e) Supervisar e coordinar o desenvolvemento das actividades programadas.
- f) Remitirles aos órganos da Consellería cantos informes e datos sexan requiridos relativos aos/ás menores atendidos/as ou a aspectos organizativos e funcionais do Centro.
- g) Convocar e presidir reunións, así como executar e facer cumprir os acordos adoptados nelas.
- h) Prestar atención personalizada a usuarias/os, tanto a través do desempeño da función educativa como directiva.
- i) Realizar co equipo educativo a avaliación das diversas actividades xerais do Centro: festas, reunións xerais, etc.
- j) Supervisar os diversos servizos do Centro: comedor, limpeza, etc.
- k) Fomentar a participación das familias.
- l) Participar en actividades de formación e promover a formación continua do persoal.
- m) Comunicar á Vicerreitoría competente as necesidades de mantemento da Escola e outras circunstancias que afecten ao seu funcionamento.

4.2. ORGANIZACIÓN DO PERSONAL DO CENTRO

4.2.1. Equipo educativo (Mestras/es e técnicos/as)

As súas funcións son:

- a) Establecer os temas de carácter pedagóxico ou metodolóxico.

- b) Acordar e levar adiante as propostas educativas.
- c) Planificar e desenvolver actividades da aula, como as diferentes festas e celebracións que se realicen, talleres e actividades complementarias.
- d) Acordar o plan de formación para o persoal.
- e) En todo momento, o persoal educativo estará coordinado polo director ou directora do Centro.
- f) A coordinación entre todo o persoal, para tratar aspectos organizativos xerais do Centro, así como a condución da actividade de todo este persoal por parte da Dirección do Centro.
- g) Cada grupo de alumnos/as terá asignado un/unha titor/a, que será designado/a pola Dirección, e será o/a responsable de levar a cabo na aula as decisións tomadas polo equipo educativo.

4.2.2. Persoal de apoio (persoal técnico)

Persoal ao coidado da orde, seguridade, entretemento, alimentación, aseo e atención persoal dos nenos e nenas, colaborando en todo momento cos/coas titores/as responsables de cada aula, e baixo a supervisión directa da Dirección da Escola.

As súas funcións son:

- a) Atender as necesidades do alumnado da aula na que estea realizando o apoio nese momento.
- b) Calquera outra función que lle sexa encomendada pola Dirección do Centro ou titor/a no ámbito das súas competencias. Neste senso, o persoal técnico que non teña aula asignada durante a súa xornada laboral terá a obriga de substituír aos seus/súas compañeiros/as titores/as, facéndose cargo das aulas cando se ausenten.
- c) Son funcións comúns de todo o persoal educativo e de apoio da Escola:
 - Atender as entradas e saídas dos nenos e nenas da Escola no seu conxunto.
 - Dar comidas, atender sestras e dar merendas aos nenos e nenas, sempre que estean dentro da súa xornada laboral.
 - Interludio inicial coas familias usuarias e posibles provedores, ben sexa vía telefónica ou presencial.

Esta Escola non conta con parella educativa como tal.

4.2.3. Persoal de cociña

Cociñeiros/as: Persoas encargadas da preparación de menús, compra, preparación dos alimentos, responsabilizándose do seu bo estado e preparación, así como da limpeza do local e utensilios de cociña.

En canto a outro persoal especializado, contamos cun pediatra que é o que se encarga de elaborar os menús.

4.3. REUNIÓN DO EQUIPO EDUCATIVO E POR NIVEIS

O equipo educativo reunirse obrigatoriamente unha vez por trimestre ou con maior frecuencia sempre que a situación o requira ou por pedimento de calquera dos membros.

As reunións por niveis fanse mensualmente para consensuar as programacións diarias da aula, así como outras actividades puntuais, talleres, festas ou conmemoracións, instalacións artísticas, etc.

4.4. SERVICIOS QUE OFERTA

4.4.1. Atención educativa

A Escola Infantil conta con proxecto educativo propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Atende todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do contorno no que viven os nenos e nenas. A liña metodolóxica da Escola baséase nos seguintes principios de intervención educativa:

- Afectividade
- Actividade (O/a neno/a será o/a protagonista activo da súa aprendizaxe)
- Autonomía
- Socialización
- Globalización
- Aprendizaxes significativas
- Individualización
- Xogo
- Observación e experimentación

A atención educativa realízase conforme aos obxectivos, principios e fins do currículo do primeiro ciclo da educación infantil de Galicia, correspondente a un máximo de 8 horas do tempo total de asistencia á Escola Infantil. Inclúe actividades complementarias e transversais no currículo tales como festividades tradicionais da nosa terra: Samaín, Magosto, Entroido, etc.

4.4.2. Asesoramento pediátrico

A Escola poderá contar con asesoramento pediátrico que colaborará cos seguintes puntos:

- a) Elaborando e supervisando os menús.
- b) Asesora ao persoal.
- c) Elabora as normas pediátricas do Centro.
- d) Realiza charlas formativas dirixidas ás familias e ao persoal da Escola.

4.4.3. Servizo de comedor e cociña

A Escola conta con servizo de comedor con cociñeiras no Centro. O persoal da cociña elabora as comidas. As/os educadoras/es atenden o servizo de comedor coa fin de que as nenas e nenos adquiran hábitos relacionados coa educación e coa autonomía persoal.

O Centro publicará no taboleiro de anuncios e/ou facilitaralles ás familias unha relación mensual dos menús previstos, os cales proporcionarán unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade.

Os horarios son:

- Xantar: 11.00, 11.45 e 12.15 horas
- Merenda: 16.30 horas

A Escola Infantil Breogán establecerá as quendas de comida e merenda segundo o alumnado matriculado.

No caso de nenos/as que non soliciten o comedor de forma habitual, excepcionalmente e por motivos xustificadas documentalmente, terán a posibilidade de utilizalo eventualmente pagando a cota establecida por días soltos.

Os/as usuarios/as fixos de comedor e merenda que non vaian utilizar o servizo, deberán avisar con antelación.

Tódolos/as nenos/as que acudan á Escola deberán deixar constancia por escrito, xunto co informe médico pertinente, de calquera posible alerxia ou intolerancia.

No caso de necesidades de dietas especiais deberán presentar un informe médico que xustifique tal circunstancia.

Cando os/as menores estivesen en período de lactación, as nais terán acceso ao Centro no horario que fose preciso, sen que este feito altere o normal funcionamento deste. Para a debida alimentación das/dos lactantes, a Dirección do Centro habilitará a dependencia oportuna.

Por servizo de cociña enténdese a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen as propias familias.

As familias asinarán a autorización para proporcionar os alimentos que se achegan cada día á Escola para alimentar os seus fillos/as, co compromiso de levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas. Isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do/da neno/a e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

5. PROPOSTA PEDAGÓXICA

5.1.OBXECTIVOS

Os obxetivos xerais da etapa son desempeños que o alumnado pode despregar en actividades ou en situacións nas que a súa abordaxe require as aprendizaxes asociadas aos contidos de cada área. Son un elemento de conexión entre as competencias clave, os criterios de avaliación e os contidos.

5.1.1. Area de comunicación e representación da realidade

- Manter contacto e intercambio visual.
- Comprender da intencionalidade comunicativa das persoas.
- Achegarse á realidade lingüística da aula e da contorna.
- Empregar as dúas linguas cooficiais.
- Comprender e expresar mensaxes orais.
- Explorar o aparato fono-articulatorio.
- Iniciarse no uso da linguaxe oral.
- Interpretar mensaxes orais
- Achegarse á lingua escrita mediante a visualización de imaxes e contos.
- Gozar mirando libros e escoitando a súa lectura.
- Explorar as posibilidades sonoras do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Desfrutar da música como medio de expresión e manifestación cultural.
- Recoñecer sons do contorno natural e social.
- Gozar con audicións de diferentes obras musicais e cancións.
- Desenvolver o gusto polas narracións orais (nanas, arrolos, poesías, contos, cantigas, etc).
- Fomentar o interese pola experimentación e a creación de obras plásticas.
- Utilizar técnicas e elementos básicos para a expresión plástica.
- Observar diferentes tipos de obras plásticas presentes no contorno.
- Empregar os xestos como forma de comunicación.
- Aproximarse aos xogos de imitación mediante bonecos, marionetas, títeres e outros obxectos de representación espontánea.
- Desfrutar das producións dramáticas, valorándoas como unha posibilidade de gozo persoal.

5.1.2. Crecemento en harmonía

- Tomar conciencia do propio corpo.
- Utilizar os sentidos como fonte de de sensacións, empregándoos como fonte para o coñecemento do mundo.
- Adquirir destrezas e habilidades manipulativas no manexo de materiais presentes no entorno.
- Progresar no control postural e dinámico do seu corpo mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e o desenvolvemento.
- Tomar conciencia das características persoais.
- Desenvolver a propia personalidade, equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.
- Adquirir autoestima nas actividades cotiás.
- Manifestar emocións para expresar as súas necesidades.
- Iniciarse na tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos seus desexos.
- Manexar estratexias para acadar seguridade afectiva, procura de axuda e de contacto afectivo
- Iniciarse na comida autónoma.
- Incorporar paulatinamente na dieta novos alimentos saudables e novas texturas na súa gradual presentación.
- Regular progresivamente os ritmos de sono e vixilia, actividade e descanso, acción e relaxación.
- Identificar os riscos habituais no seu contorno e utilizar estratexias e recursos adecuados para evitalos.
- Equilibrar a necesaria prevención e o desafío precisos para a exploración e o descubrimento.
- Favorecer a transición do grupo familiar ao grupo social da Escola.
- Desenvolver sentimentos de pertenza e vinculación afectiva coas persoas de referencia.
- Iniciarse na adquisición de hábitos socialmente axeitados: escoita, paciencia e axuda.

5.1.3. Descubrimento e exploración da contorna

- Despertar a curiosidade e interese pola exploración dos elementos da contorna.
- Resolver situacións problemáticas cos obxectos.
- Identificar espazos.
- Identificar secuencias temporais relacionadas cos ritmos e rutinas cotiás.
- Explorar de xeito activo elementos do mundo físico.

- Desenvolver estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación e experimentación.
- Descubrir as características dalgúns animais e plantas.
- Fomentar a empatía polos seres vivos e a natureza.
- Establecer relacións de confianza e afecto coas persoas que o rodean
- Desfrutar das celebracións persoais e comunitarias.

5.2. CONTIDOS

Son os coñecementos, destrezas e actitudes propias dunha área e cúa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos de área.

5.2.1. Área de comunicación e representación da realidade

Bloque 1. Intención e elementos da interacción comunicativa

- Mantemento do contacto visual e o intercambio visual.
- Desfrute co intercambio comunicativo.
- Comprensión da intencionalidade comunicativa das persoas.

Bloque 2. As linguas e os seus falantes

- Achegamento á realidade linguística da aula e da contorna.
- Emprego das dúas linguas cooficiais.
- Comprensión e expresión dalgunhas palabras.

Bloque 3. Comunicación verbal oral. Comprensión-expresión-diálogo

- Exploración do aparato fono-articulatorio.
- Iniciación no uso da linguaxe oral.
- Interpretación de mensaxes orais.

Bloque 4. A aproximación á lingua escrita

- Aproximación á lingua escrita mediante a visualización de imaxes e contos.

Bloque 5. Aproximación á educación literaria

- Gozo ao mirar libros e escoitar a súa lectura.

Bloque 6. Linguaxe e expresión musical

- Exploración das posibilidades sonoras do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Desfrute da música como medio de expresión e manifestación cultural.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social.
- Gozo coa audición de diferentes obras musicais e cancións.

- Gusto polas nanas, arrollos, cantigas, poesías....

Bloque 7. Linguaxe e expresión plástica e visual

- Interese e gozo pola experimentación e a creación de obras plásticas.
- Utilización de técnicas e elementos básicos para a expresión plástica.
- Observación, interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes no contorno.

Bloque 8. Linguaxe e expresión corporal

- Emprego dos xestos como forma de comunicación.
- Aproximación aos xogos de imitación mediante bonecos, marionetas, títeres e outros obxectos de representación espontánea.
- Desfrute coas producións dramáticas, valorándoas como unha posibilidade de gozo persoal.

5.2.2. Crecemento en harmonía

Bloque 1. O corpo e o control progresivo deste

- Toma de conciencia do propio corpo.
- Utilización dos sentidos como fonte de sensacións, empregándoos como fonte para o coñecemento do mundo.
- Adquisición de destrezas e habilidades manipulativas no manexo de materiais presentes no entorno.
- Progreso no control postural e dinámico do seu corpo mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e o desenvolvemento.
- Toma de conciencia das características persoais.

Bloque 2. Equilibrio e desenvolvemento da afectividade

- Desenvolvemento da propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.
- Adquisición de autoestima nas actividades cotiás.
- Manifestación de emocións para expresar as súas necesidades.
- Iniciación na tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos seus desexos.
- Manexo de estratexias para acadar seguridade afectiva, procura de axuda de contacto afectivo.

Bloque 3. Hábitos de vida saudable para o autocoidado e o coidado da contorna

- Iniciativa na comida autónoma.
- Incorporación paulatina na dieta de novos alimentos e texturas na súa gradual presentación, procurando unha adquisición de hábitos e estilo de vida saudable .

- Regulación progresiva dos ritmos de sono e vixilia, actividade e descanso, acción e relaxación.
- Identificación dos riscos habituais no seu contorno e utilización de estratexias e recursos adecuados para evitalos.
- Equilibración da necesaria prevención e o desafío precisos para a exploración e o descubrimento.

Bloque 4. A interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas

- Favorecemento da transición do grupo familiar ó grupo social da Escola.
- Sentimentos de pertenza e vinculación afectiva coas persoas de referencia.
- Iniciación na adquisición de hábitos socialmente axeitados: escoita, paciencia, axuda.

5.2.3. Descubrimento e exploración da contorna

Bloque 1. Diálogo corporal coa contorna.Exploración creativa de obxectos,materiais e espazos

- Curiosidade e interese pola exploración dos elementos da contorna.
- Resolución de situacións problemáticas cos obxectos.
- Identificación de espazos.
- Identificación de secuencias temporais relacionadas cos ritmos e rutinas cotiás.

Bloque 2. Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico, razoamento lóxico e creatividade

- Exploración activa de elementos do mundo físico.
- Desenvolvemento de estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación e experimentación.

Bloque 3. Indagación do medio físico e natural. Coidado, valoración e respecto

- Descubrimento das características dalgúns animais e plantas.
- Fomento da empatía polos seres vivos e a natureza

Bloque 4. Descubrimento e participación na contorna social. Relación , servizos e actividades culturais

- Establecemento de relacións de confianza e afecto coas persoas que o rodean
- Desfrute das celebracións persoais e comunitarias

5.3.ÁREAS

Son referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias.

5.3.1. Area de comunicación e representación da realidade

- Establecer contacto e intercambio visual.

- Identificar a intencionalidade comunicativa das persoas.
- Emitir mensaxes orais.
- Preparar o aparato fono-articulatorio.
- Comprender algunhas mensaxes orais.
- Desfrutar mirando libros e escoitando a súa lectura.
- Utilizar o propio corpo e os obxectos da contorna e instrumentos para producir música.
- Valorar a música como medio de expresión e manifestación cultural.
- Identificar sons do contorno natural e social.
- Experimentar con diferentes tecnicas e materiais para creacións plásticas.
- Identificar algúns xestos como forma de comunicación.
- Manifestar interese polos xogos de imitación mediante bonecos, marionetas, títeres e outros obxectos de representación espontánea.
- Desfrutar das producións dramáticas, valorándoas como unha posibilidade de gozo persoal.

5.3.2. Crecemento en harmonía

- Identificar algunhas partes do propio corpo.
- Recoñecer os sentidos como fonte de sensacións, empregándoos como fonte para o coñecemento do mundo.
- Mellorar as destrezas e habilidades manipulativas no manexo de materiais presentes no entorno.
- Coordinar e controlar progresivamente o seu corpo.
- Iniciarse na toma de conciencia das características persoais.
- Progresar no desenvolvemento da propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.
- Expresar emocións para manifestar as súas necesidades.
- Amosar algún indicio de tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos seus desexos.
- Usar estratexias para acadar seguridade afectiva, procura de axuda de contacto afectivo.
- Comer de xeito autónomo.
- Aceptar a incorporación paulatina na dieta de novos alimentos saudables e novas texturas na súa gradual presentación.
- Progresar na regulación dos ritmos de sono e vixilia, actividade e descanso, acción e relaxación.

- Facer uso dalgunhas estratexias e recursos ante situacións perigosas.
- Aceptar ao grupo social da Escola.
- Adquirir sentimentos de pertenza e vinculación afectiva coas persoas de referencia.
- Achegarse á adquisición de hábitos socialmente axeitados: escoita, paciencia.

5.3.3. Descubrimento e exploración da contorna

- Interesarse pola exploración dos elementos da contorna.
- Solventar situacións problemáticas cos obxectos.
- Recoñecer espazos.
- Anticipar a sucesión temporal de actividades mediante a realización de rutinas.
- Usar estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación e experimentación.
- Identificar as características dalgúns animais e plantas.
- Desenvolver a empatía polos seres vivos e a natureza.
- Confiar nas persoas que o rodean.
- Gozar das celebracións persoais e comunitarias.

5.4. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

Son as indicacións para orientar ao profesorado no deseño e na planificación de estratexias que posibiliten a aprendizaxe do alumnado:

- A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimenta o alumnado e a sociedade.
- A orientación educativa e profesional dos/das estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- O esforzo compartido polo alumnado, familias, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.

- A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao Estado, ás comunidades autónomas, ás corporacións locais e aos centros educativos.
- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento dos centros docentes.
- A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.
- O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A avaliación do conxunto do sistema educativo, tanto na súa programación e organización e nos procesos de ensino e aprendizaxe como nos seus resultados.
- A cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas na definición, aplicación e avaliación das políticas educativas.
- A cooperación e colaboración das Administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa.
- Educación en valores
- O pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado.
- A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- A educación na responsabilidade individual e no mérito e esforzo persoal.
- A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara aos seres vivos e o medio ambiente, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- A capacitación para o exercicio de actividades profesionais.
- A capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial e nunha ou máis linguas estranxeiras.
- A preparación para o exercicio da cidadanía e para a participación activa na vida económica, social e cultural, con actitude crítica e responsable e con capacidade de adaptación ás situacións cambiantes da sociedade do coñecemento.
- O desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.

- A formación no respecto e recoñecemento da pluralidade lingüística e cultural de España e da interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte.

5.4.1. Area de comunicación e representación da realidade

A concepción positiva da infancia e o respecto polas súas múltiples posibilidades comunicativas é un aspecto fundamental.

Unha acollida afectuosa cara as mensaxes dos/das nenos/as, o contacto físico e a atención plena por parte das persoas adultas de referencia serán de gran importancia para a formación dun vínculo de apego que permita establecer interacción a través do ollar, do xesto, do sorriso outorgándolle significado e integrándoos como elementos da comunicación humana.

É importante tamén a flexibilidade nos tempos comunicativos respectando os intereses e ritmos particulares.

A creación dun ambiente pracenteiro favorece a comunicación donde a voz cantada ou narrada oferte continuos modelos lingüísticos correctos, variados e de beleza literaria.

Debemos preocuparnos tamén pola beleza de cada recanto na Escola, rexeitando estereotipos e infantilismos mercantilistas.

A apertura do Centro a diferentes interlocutores: familias, especialistas en linguaxes expresivas, persoas doutras culturas, favorecerán as interaccións comunicativas de calidade.

Un acompañamento educativo que fomente a autoconfianza favorecerá a creatividade nas diferentes linguaxes expresivas. Promoveranse situacións donde a linguaxe corporal e musical camiñen da man para un descubrimento natural do son e das súas calidades, da musicalidade, da contorna e das distintas manifestacións artísticas e culturais.

Fomentarase o emprego das diferentes linguas con especial énfase nas da súa contorna.

Faremos un uso normalizado da lingua galega nos diversos ámbitos e situacións e introduciremos sistemas aumentativos e alternativos de comunicación que faciliten a interiorización da información, como por exemplo os Pictogramas.

5.4.2. Crecemento en harmonía

Debemos axustar sempre a nosa intervención educativa ao momento evolutivo de cada nena/o, respectando os ritmos e características individuais. Teremos en conta os coñecementos e experiencias previas como punto de partida para garantir a significatividade da aprendizaxe.

O período de adaptación ten unha gran importancia. Será planificado de forma meticulosa e individualizada para favorecer a transición entre a casa e a Escola, tratando de que se formen novos apegos seguros como punto de partida dunha correcta autoestima. A colaboración coas familias será imprescindible.

Promoveranse situacións educativas onde os nenos e nenas observen, manipulen e exploren todas as súas posibilidades e limitacións, desenvolvendo entre outros os aspectos motrices que facilitarán o avance na súa autonomía.

A inclusión é o eixe do traballo docente. Farase polo tanto unha atención individualizada adaptándose ás características persoais, necesidades e intereses das nenas e dos nenos, poñendo en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

Como docentes unha das nosas funcións principais é a de planificar ambientes. O ambiente debe ser agradable creando contextos seguros e emocionalmente positivos para que os nenos e nenas adquiren confianza nas súas posibilidades. Todos os espazos da Escola son espazos educativos, polo que se coidarán todos e cada un deles, potenciando especialmente os espazos exteriores, os cales nos ofrecen múltiples posibilidades. Na creación de ambientes é tamén importante a distribución do tempo. A flexibilidade será o criterio fundamental, adaptándonos ao ritmo de cada neno/a, partiremos dunha perspectiva afastada da aceleración, dándolle prioridade á calma, poñendo énfase nos procesos vividos e non nos produtos obtidos.

5.4.3. Descubrimento e exploración da contorna

A afectividade é un dos principais principios metodolóxicos. A construción de vínculos afectivos sólidos entre os/as nenos/as e o persoal da Escola fai que sintan equilibrio e seguridade emocional para afrontar os retos e as experiencias do día a día.

Promoveremos a curiosidade, a realización de actividades manipulativas e sensoriais, respectando os ritmos de cada un/unha e favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos/as.

Achegaremonos á contorna máis próxima fomentando a exploración activa e creando hábitos de vida sans e sustentables, deseñando ambientes de aprendizaxe amables e agradables que propicien a comodidade e seguridade das crianzas.

Estará presente na aula unha ampla oferta de materiais, poñendo especial atención nos elementos do medio natural e sociocultural. Seremos moi esixentes ante comportamentos sexistas na selección e utilización dos materiais e dos espazos.

Na aula promoverase un clima de aceptación e de respecto mutuo e de valoración positiva, evitando comparacións e estigmatizacións. Un clima onde os nenos e nenas sintan a confianza suficiente para pedir axuda.

5.5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: Nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo.

A intervención educativa debe recoller como principio a diversidade, adaptando a práctica educativa ás características de cada nena/o.

As propostas educativas para atender a diversidade, basearanse en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.

Todo o persoal do Centro considerará na súa labor a diversidade do alumnado, adaptando as súas actuacións e a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e características de desenvolvemento dos nenos/as, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2011 pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE, modificada pola LOMLOE, a atención á diversidade é o conxunto de medidas e accións que teñen

como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Para garantir a atención á diversidade teremos en conta as medidas de atención á diversidade recollidas na Orde anteriormente citada. Estas medidas divídense en medidas ordinarias e medidas extraordinarias. Son medidas ordinarias a adecuación da estrutura organizativa do Centro e da organización e xestión da aula, adecuación das programacións didácticas, emprego de metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, traballo por proxectos e outros que promovan a inclusión, as medidas extraordinarias aplicaranse cando as ordinarias fosen esgotadas ou resultasen insuficientes.

A consellería con competencias en materia de educación establecerá procedementos que permitan a detección temperá das dificultades que poidan darse e a prevención destas a través de plans e programas que faciliten unha intervención precoz. Así mesmo, facilitará a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado.

O profesorado e o resto de profesionais que atendan as nenas e nenos adaptarán ás concrecións do currículo a súa propia práctica educativa, baseándose no deseño universal para aprendizaxe e de acordo coas características desta etapa educativa e coas necesidades colectivas e individuais do seu alumnado.

5.6. PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación. A chegada dun neno/a á Escola é un momento especialmente delicado. Por unha parte as nenas e nenos sofren a separación das figuras de apego e atópanse inmersos nun medio desconocido, onde deixa de ser o centro de atención, onde terá que adaptarse a novas circunstancias e a novas persoas. Non só ten que adaptarse o neno/a, senón tamén a familia, así que, o xeito en que a familia viva esta separación, tamén influirá considerablemente na adaptación da/do nena/o á Escola. A confianza e tranquilidade da familia facilita moito o período de adaptación. Algunhas das medidas que se tomarán serán:

- Entrada escalonada e progresiva: O primeiro día o neno/a estará na Escola ca súa familia durante media hora aproximadamente, sen outros nenos. Será o momento de facer unha enquisa á familia. O 2º día o/a neno/a estará media hora só coa persoa educadora. O 3º día estará unha hora tamén a solas coa persoa educadora. No 4º día xa irán coincidindo con algún outro neno/a e así progresivamente. O tempo dedicado ao período de adaptación vai variar en función de como vaia evolucionando o/a neno/a.
- Será o/a titor/a quen decida cando o neno ou nena está adaptado e pode facer a súa xornada habitual comunicándollo aos pais.
- O período de adaptación farase sempre respectando as recomendacións ditadas polas autoridades sanitarias.

5.7. OS ESPAZOS

A organización dos espazos e dos tempos xoga un papel importante dentro da metodoloxía.

O equipo educativo deseñará o ambiente e organizará os espazos tendo en conta que dean resposta aos diferentes tipos de necesidades das nenas/os: físicas, afectivas, de exploración, de autonomía, de movemento, etc.

A organización do espazo debe garantir a flexibilidade e a seguridade que lle permita ás/aos nenas/os experimentar, desprazarse e expresarse de maneira autónoma. Os espazos exteriores deben ser obxecto do mesmo coidado e planificación que os interiores. Haberá tamén espazos para que os adultos que comparten a vida dos pequenos e pequenas e atopen un ambiente onde encontrarse e relacionarse con comodidade.

Para organizar os espazos nun centro de educación infantil hai que ter en conta os requisitos condicionantes:

- Dimensións pertinentes e suficientes
- Ambientación e decoración adecuadas
- Dotación suficiente de mobiliario
- Temperatura, iluminación e ventilación necesarias

Por outra banda están os criterios pedagóxicos que non debemos obviar: Os espazos serán polivalentes, estimulantes, acolledores e estarán limpos e ordenados. Favorecerán a interrelación entre nenos/as e educadores. Ademais serán flexibles e por tanto terán en conta as características psicoevolutivas dos cativos.

En resumo, a organización dos espazos leva implícita unha intencionalidade educativa.

No noso Centro o espazo distribúese do seguinte xeito:

- 7 aulas, 6 delas comunícanse entre sí. Hai unha independente
- 3 dormitorios independentes e 4 dentro das propias aulas
- 5 baños, adaptados aos nenos e nenas
- Un patio interior que utilizan tódalas aulas ao longo do día, sendo o único espazo cuberto co que conta o Centro para desafofarse, correr, berrar, trepar, etc. Está dotado con tobogáns, triciclos, coches, pelotas, colchonetas e unha casa entre outros.
- Unha cociña e un comedor
- 1 despacho
- 1 comedor que utilizamos como sala de reunións
- 3 salas para almacenamento de materiais
- 1 sala de caldeiras
- 1 sala de lactación
- 2 baños para adultos.

En canto ao espazo exterior, contamos cunha ampla zoa axardinada. Unha pequena parte con acceso directo dende a aula niño. O resto, a súa vez, está distribuído en tres áreas distintas:

Unha parte ampla con zona verde e areeiro, cabana de madeira e tobogáns.

Outra máis reducida e separada da anterior, equipada con columpios, areeiro, tobogáns, etc.

Unha terceira onde ademais de areeiro temos unha horta. Ademais ofrece outras moitas posibilidades o tratarse de terreo bastante irregular.

Unha última parte que acaba de engadirse á Escola que aínda non se está utilizando.

A distribución do tempo fundamentarase nas necesidades do alumnado: fisiolóxicas, afectivas, de autonomía, de socialización, de movemento, comunicación, experimentación e relación co contorno.

5.8.OS TEMPOS

A organización do tempo debe ser moi flexible para adecuarse aos ritmos de actividade e descanso dos nenos e nenas. A distribución do tempo pasará dunha organización rexida polos ritmos biolóxicos para progresivamente ir aumentando o peso do ritmo externo marcado pola actividade da propia Escola.

Os criterios para a organización do tempo terán en conta estas necesidades, así coma as actividades previstas nas programacións, coidando moi especialmente a situación de partida do grupo de alumnos/as. No 1º ciclo os eixes que vertebrarán a actividade escolar serán as rutinas: alimentación, descanso, hixiene, xogo, actividade, etc.

O horario xeral do Centro é de 7.45h da mañá a 18.00h da tarde ininterrumpidamente.

O horario das nenas/os depende do tipo de xornada á que se acollan. Consideramos que non é conveniente a permanencia máis de 8 horas ao día no Centro; así mesmo, de acordo co Decreto 329/2005 do 28 de xullo (DOGA, Nº 156, do 16 de agosto de 2005) polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, evítase que o neno ou nena prolongue a súa estada no centro máis de 8 horas diarias, agás circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso xustificarse, así o determinen.

O horario distribúese así:

- De 7.45 h a 9.00 h da mañá, recíbense aos nenos e nenas.
- De 9.00 h a 16.00 h están distribuídos por grupos de idade nas distintas aulas e cada persoa educadora co seu grupo. A distribución de actividades e tarefas neste tempo é unha decisión que se recolle nas programacións de aula, que depende xa do criterio ou metodoloxía de cada educador/a.
- De 16.00 h a 18.00 h quedan só tres grupos no Centro.
 - Un grupo de 0-1 cun tutor/a de aula
 - Grupo de 1-2 cun tutor/a de aula
 - Grupo de 2-3 cun tutor/a de aula
- Ás 18.00 h pecha a Escola.

- A partir das 11.00 h empezan os servizos de comedor e as seguintes quendas serán ás 11.45 h e 12.30 h.
- A parte das aulas de bebés, os dormitorios exténdense dende as 13.00/13.30 h ata as 15.00 h aproximadamente.

Procuramos manter unhas rutinas pero respetando na medida do posible os seus ritmos individuais.

5.9. A ORGANIZACIÓN DA XORNADA DIARIA: AS RUTINAS

Cada curso escolar a programación deseñada polas persoas titoras de aula será diferente en función do seu grupo e das características e inquietudes particulares de cada neno ou nena. Formulamos un coñecemento da realidade próxima, organizado en actividades baseadas na percepción sensorial e no coñecemento, plenamente relacionadas co contexto cultural dos alumnos e a época do ano.

A elaboración e posta en práctica da programación enriquece ao equipo educativo, pois axuda a reflexionar sobre a propia actividade diaria, e posibilita o poder compartir ou discutir diversos puntos de vista.

A través da programación propoñemos experiencias abertas, mediante as cales se lles facilite a posibilidade de observar, manipular, explorar, descubrir, transformar, usar as diferentes partes do corpo e en definitiva, satisfacer as propias necesidades e medrar dende o punto de vista do coñecemento.

A planificación non determina a priori nin a súa duración exacta, nin os resultados finais. O equipo periodicamente valora a marcha das actividades e a motivación dos nenos e nenas, en función do cal se finaliza ou se segue afondando.

Acollida e despedida do alumnado: dentro das rutinas diarias este é o momento máis importante para contactar coas familias. As/os educadoras/es aproveitamos o momento para saber cousas do alumnado e das súas familias, como se comportan nas súas casas e ao mesmo tempo ás familias interésalles saber da súa evolución na Escola, cómo é o seu día a día cómo se comporta co/coas compañeiros/as.

Unha relación fluída entre familia e escola é moi importante porque xenera seguridade, confianza e por tanto benestar.

Cando non é posible o contacto directo contamos cunha libreta para o intercambio de información diaria.

O xogo: O xogo libre é fundamental en 0/3 anos; deben experimentar sin a dirección permanente dun adulto, xa que deste xeito desenvolven a seguridade e a confianza en si mesmos/as, así como a autoestima e outras capacidades. Se como adulto decimos continuamente como hai que xogar, estamos alimentando unha dependencia e dalgunha maneira fomentando que se comporten dun xeito pasivo.

Os nenos e nenas que xogan libremente adquiren un coñecemento diferente a outros/as que se lles brindan solucións Isto non significa que o papel do adulto non sexa necesario e imprescindible, pero sempre dende a distancia. Deben saber que está cerca, isto dálles seguridade.

O xogo libre leva implícitas pautas para coidar o material, recollelo e ordenalo, implicando a todos os/as nenos/as por igual.

Tamén facemos xogo dirixido no ciclo inicial, dedicámoslle menos tempo porque deben comprender ordes específicas e normas.

O patio: é un espacio amplo e compartido polas distintas idades en tempos diferentes.

O horario do patio é un tempo de recreo, onde poden correr, berrar, saltar; formas de xogo que están limitadas nas aulas. Isto non significa que non haxa normas, pero estamos a falar de espazos e tempos diferentes e tamén de obxectivos distintos.

Contamos cun tobogán, aros, colchonetas, coches, bicis, barca, casiña etc.,

O aseo : Os momentos de aseo e hixiene son moi importantes dentro da xornada escolar.

A hixiene é fundamental nas nosas vidas xa que a partir dela prevense enfermidades e créanse bos hábitos de saúde. Axudan tamén a coñecer o corpo e facilitan a súa adaptación social.

Durante o primeiro ciclo iniciámoslos en hábitos fundamentais como:

- -lavar as mans e secalas.
- -solicitar axuda cando o nariz está sucio.
- -usar o ouriñal.
- -saber cando estamos limpos ou sucios etc.

A comida: é un momento moi importante do día. É un acto social, comer en compañía doutros nenos e nenas debe resultar agradable; ademais comer ten outras connotacións positivas, é imprescindible para medrar, para conquistar a autonomía, para o desenvolvemento motriz, para a discriminación sensorial, para ampliación de vocabulario, etc.

A familia tamén xoga un papel moi importante na nutrición.

Dende a Escola ademais de incorporar novos alimentos e texturas e ensinalles a colaborar durante todo o proceso tamén debe reorientar algúns hábitos alimenticios e fomentar o consumo saudable.

A sesta: No primeiro ciclo da educación infantil é imprescindible a sesta para un desenvolvemento equilibrado dos/das nenos/nas. Para que resulte agradable e positiva debemos organizala con criterio.

Hai que preparar un ambiente libre de ruídos e con pouca luz, música relaxante e de intensidade baixa. Aos que lles custa máis conciliar o sono poden utilizar un pano ou un boneco como material de apego.

Sempre dentro das rutinas da Escola debemos respetar os ritmos de cada neno/a.

Deberían espertarse eles sós, se non fose posible, debémolo facer con suavidade e dándolles un tempo para volver á realidade tranquilamente.

Estas serían as rutinas xerais da Escola, logo as actividades vanse adaptando en función das idades; iso implica distintos materiais e tempos.

0/1 anos:

- a) Rutinas comúns: realízanse a diario e respétase o ritmo de cada nena/o.
 - Revisións e cambios de cueiros cando se precise ou no seu defecto cada 2 horas.
 - Ofrecemos auga de cando en cando.
 - Alimentamos e aseamos
- b) Rutinas específicas: cambian cada día e con cada neno/a.
 - Traballamos a linguaxe (xogos de palabras, poesías)

- Traballamos a psicomotricidade
- Xogamos cos sentidos
- Traballamos coa música
- Traballamos coa plástica

0-1 anos:

- 07.45 h – 09.00 h
 - Recepción de nenos e nenas.
 - Xogo libre.
- 09.00 h – 11.30 h
 - Entrada nas aulas
 - Actividades conxuntas (Recibimento/saúdos, contos, poesía, presentación de novos materiais, estimulación, etc)
 - Xogo libre
 - Actividades programadas ou música
 - Xogo libre e actividades de recreo
- 11.00 h – 13.00 h
 - Preparación para o xantar/biberóns
 - Xantar e aseos
- 13.00 h – 14.30 h ou 15:00 h
 - Sestas: normalmente a demanda
- 15.00 h – 16.00 h
 - Levantar sestras
 - Asear e entregar a familias
- 16.00 h – 16.30 h
 - Contos
- 16.30 h/17.00 h

- Merendas
- 17.00 h – 18.00 h
 - Aseos
 - Control de esfínteres
 - Actividades de relaxación/despedita
- 18.00 h pecha o Centro.
- **1-2 ANOS:**
 - 07.45 h – 09.00 h
 - Recepción de nenos/as
 - Xogo libre
 - 09.00 h – 10.30/11.00 h
 - Entrada nas aulas
 - Actividades conxuntas (conversa, contos, poesía, presentación de novos materiais, etc.)
 - 10.30/11.00 h – 11.45 h
 - Actividades programadas
 - 11.45 h – 13.00 h
 - Preparación para o xantar
 - Xantar
 - Aseos
 - 13.00 h – 15.00 h
 - Sestas
 - 15.00h – 16.00h
 - Levantar sestras, aseos e despedidas
 - 16.00 h – 16.30 h
 - Contos e outras actividades conxuntas
 - 16.30 h – 17.00 h
 - Merendas
 - 17.00 h – 18.00h

- Aseos, conto e xogo libre
- 18.00 h: Pecha o Centro.
- **2-3 ANOS**
 - 07.45 h – 09.00 h
 - Recepción de nenos/as
 - Xogo libre
 - 09.00h – 11.30 h
 - Entrada nas aulas
 - Actividades conxuntas (conversa, contos, poesía, presentación de novos materiais etc.)
 - Actividades programadas
 - 11.30/12.30 h
 - Xogo libre ou dirixido no patio
 - 12.30 h – 13.30 h
 - Preparación para o xantar
 - Xantar
 - Aseos
 - 13.30 h – 15.00 h
 - Sestas
 - 15.00 h – 16.00 h
 - Levantar sestras e aseos
 - 16.00 h – 16.30 h
 - Contos e outras actividades conxuntas
 - 16.30 h – 17.00 h
 - Merendas
 - 17.00 h – 18.00 h
 - Aseos
 - Control de esfínteres
 - Contos
 - Outras actividades

- 18.00 h: pecha o Centro.

Festas e días especiais:

O Magosto:

A intención dende a Escola á hora de facer o magosto é que os pequenos e as pequenas non perdan as súas raíces e o celebren coas familias e máis connosco, nunha festa que ten moitos séculos de antigüidade. Con esta celebración pretendemos que os nenos observen, manipulen e experimenten con todos aqueles materiais que teñen que ver co outono e especialmente as castañas (o seu tamaño, cor, textura e sabor).

Tamén no outono achegáronnos aos costumes e tradicións do Samaín, e coa axuda das familias creamos un pequeno museo de outono formado por cabazas que logo nós coa colaboración dos nenos/as fomos decorando, así como outros frutos típicos da temporada (millo, castañas, noces, abelás, etc.)

O Nadal

A súa celebración ten lugar arredor do 20 de decembro.

Esta festa está dedicada aos nenos/as da Escola Infantil e ás súas familias para celebrar a visita dos Reis Magos de Oriente ao noso Centro.

O obxectivo que perseguimos é que os máis pequenos teñan coñecemento da festa no seu sentido máis amplo. Contamos a historia a través dos Reis Magos, aprendemos panxoliñas, facemos representacións teatrais propias destas datas, etc. Tamén ampliamos vocabulario coma por exemplo: camelo, estrela, uvas, campás e outras. Decoramos a Escola con motivos típicos do Nadal, elaborados por nós, coa participación dos/das nenos/as.

Para rematar a celebración e en días alternos, recibimos na Escola o Apalpador e tamén aos Reis Magos de Oriente; veñen recoller as nosas peticións, e nós en agradecemento cantámoslles algunhas panxoliñas e tocamos a pandeireta, as cunchas e as culleres.

Posteriormente merendamos todos xuntas/os e degustamos produtos típicos do Nadal.

O Entroido:

Na nosa Escola celebramos o Entroido como unha tradición popular de miles de anos. O obxectivo é disfrazarse de xeito que non te recoñezan os demais. Elaboramos disfraces para tódolos nenos en colaboración coas familias e utilizamos material de refugallo.

Aprendemos cancións e poesías relacionadas coa temática do entroido. Contamos contos e facemos representacións teatrais. Decoramos as aulas e os espazos comúns con adornos que teñen que ver co entroido (antefaces, caretas, etc.)

Para acabar a festa, organizamos unha merendola con produtos típicos (filloas, orellas, rosquillas, etc). Nenos e nenas, familias e persoal educador disfrutamos por un día de exquisitos manxares.

Festa de fin de curso

É unha festa que organizamos tódolos anos como broche final para despedir o curso, e polo tanto, a tódolos nenos e nenas.

Normalmente celebrámola no xardín da Escola coas familias e coa actuación dalgún personaxe importante para os/as nenos/as. É un momento moi bonito de interludio e distensión entre o persoal da Escola e as familias.

Outros días especiais aos que se fai mención na Escola son por exemplo:

Día da Árbore e da Auga: O noso principal obxectivo é intentar concienciar aos nenos e nenas do uso racional dos recursos naturais, aumentar o seu coñecemento sobre a importancia da súa conservación e protección. Elaboramos murais, ensinamos imaxes (deforestación, etc.)

O Día das Letras e os Maios: Tratamos de concienciar dende o inicio a nenos/as e os seus familiares da importancia de manter vivas as tradicións e os signos da cultura galega. Dalgún xeito facemos referencia á figura á que se lle dedican as Letras. Tamén lles pedimos ás familias que traian flores ao cole, que deberán recoller cos/coas fillos/as. Logo nas aulas, facemos colaxes, adornamos a Escola, colares para todos/as, etc.

Día da Paz: A diario o obxectivo da nosa Escola é inculcar a colaboración, o respecto e a tolerancia entre todas/os, en cada unha das actividades que se realizan. Pintamos xuntas/os un mural e colgámolo para adornar o patio.

5.10. OS MATERIAIS

O material pode definirse como o principal instrumento que utiliza o/a neno/a para realizar os seus xogos e actividades.

No Centro dispoñemos dunha gran cantidade de materiais e para clasificalos dalgún xeito. Imos ter en conta a faceta predominante para a que están destinados, aínda que sabemos que un mesmo material debe ser polivalente e satisfacer moitos aspectos do desenvolvemento.

Clasificación do material:

Material funxible: é este o material que se gasta co uso: papeis, lapis, ceras, bolígrafos, arxila, pinturas, xiz, gommas, etc.

Material para educación musical: instrumentos mercados e de elaboración propia (pandeiros, caixas chinesas, axóuxeres, maracas, cascabeis, frutas, pianos, carruseis musicais), reprodutores de música, etc.

Material de educación psicomotriz: aros, pelotas, colchonetas, picas, rampas, material goma-espuma, estruturas modulares con escaleiras, tobogáns, triciclos, coches, etc.

Material expresión plástica: pinturas variadas, cartulinas, distintos tipos de papel, pastas para modelar (arxila, barro, pasta de sal, etc).

Material para a dramatización: disfraces, chiscadelas, monicreques, pinturas para a cara, etc.

Material para a educación lóxico-matemática: construcións, bloques lóxicos, crebacabezas, etc.

Material para e estimulación da linguaxe: láminas de observación, libros de contos, de imaxes, etc.

Material para a exploración do medio físico e social: para o propio coñecemento: bonecos/as, vestidos, recortables, etc; para o coñecemento do medio natural: follas, terra, pedras, area, caracois, vermes de seda, prantas, etc; para o coñecemento do medio: sinais de todo tipo, imaxes de oficios, de edificacións, etc.

Material para a alimentación e hixiene: para a alimentación: pratos, vasos, garfos, culleres, biberóns, etc; para a hixiene: babeiros, toallíñas, cueiros, penicos, manoplas, luvas, toallas, papel, etc.

Material dixital ou multimedia: será aquel a través do cal introduciremos aos nenos e nenas nas novas tecnoloxías para contribuír ao seu desenvolvemento: pizarras dixitais, ordenadores, proxectores, cámaras de fotos, de video, etc.

Material de desfeita ou de refugallo: este é un material moi barato e que ofrece unha gran cantidade de posibilidades: botes, caixas, botellas, telas, tubos de plástico, de cartón, etc.

Material curricular: este é o material que serve de axuda aos mestres/as na súa labor educativa, lexislación vixente, guías didácticas, bibliografía, referencias web, etc.

Mobiliario xeral. Dentro do equipamento material do Centro imos facer referencia tamén ao mobiliario xeral das distintas dependencias:

Mobiliario das aulas: cadeiras, mesas para nenos/as e para educadores/as, estanterías, armarios, percheiros, pizarras, equipos informáticos en todas as aulas, neveiras, microondas, etc.

Mobiliario áreas de hixiene: mobles cambiadores, casilleiros, lavabos, wc, etc.

Mobiliario áreas de descanso: berces, hamacas, armarios, mantas, sábanas, etc.

Mobiliario patio interior: estrutura de xogos de madeira, colchonetas, armarios.

Mobiliario patios exteriores: estruturas de xogo de plástico, casiña de madeira, areeiros, paus, caldeiros, mesas de auga.

Mobiliario do despacho: mesas, cadeiras, armarios, etc.

A elección do material condiciona a actividade e viceversa. É moi importante ver as posibilidades que ofrecen antes de elixilos, deben ser abertos e cantas máis opcións permitan mellor. Debemos observar se funcionan ou non para acadar os obxectivos; se non serven debemos cambialos e buscar outros que se adapten mellor.

5.11. TRATAMENTO LINGÜÍSTICO

Iniciaremos aos nenos e nenas noutras linguas distintas á da familia mediante o contacto con diferentes persoas e facendo tamén uso de contos, cancións, poemas, etc.

Tendo en conta a lexislación vixente (Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia), na administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito; tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

As programacións e outros documentos didácticos redactaranse, con carácter xeral, na lingua galega.

Nas actuacións administrativas de réxime interno do centro como comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega, agás no referido a comunicacións con outras comunidades autónomas e cos órganos da Administración do Estado radicados fóra da comunidade autónoma, en que se utilizará o castelán. Ademais dos procedementos iniciados de oficio, tamén se usará o galego nos procedementos tramitados por petición dos interesados, sen prexuízo do establecido no artigo 36.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

Darase carácter prioritario ao proceso de adquisición da linguaxe nas dúas linguas cooficiais.

Debe prestarse especial atención ao desenvolvemento de actitudes positivas e de respecto tanto cara ao repertorio lingüístico persoal coma ao das demais persoas, coa fin de espertar a sensibilidade e a curiosidade por coñecer outras linguas e convidando a explorar outras formas de expresión. Sempre dende a realidade da nosa comunidade, na que conviven dúas linguas cooficiais que o alumnado debe coñecer, utilizar e valorar como parte da súa identidade.

Na etapa do ensino na que nos atopamos, educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, aínda que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa cara ao seu uso como vehículo de comunicación.

O emprego das dúas linguas oficiais incorporaranse ás rutinas cotiás coma xogos, cancións, trabalinguas etc., de xeito que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

Deste xeito, atenderase de forma individualizada ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

Así mesmo, fomentase unha primeira aproximación á lingua estranxeira.

Competencia plurilingüe. Nesta etapa, iníciase o contacto con linguas e culturas distintas da familiar, coa fin de fomentar nas nenas e nenos as actitudes de respecto e aprecio pola diversidade lingüística e cultural, así coma o interese polo enriquecemento do seu repertorio lingüístico. Deste xeito, promóvense o diálogo e a convivencia democrática.

5.12. AVALIACIÓN

A avaliación nesta etapa, concebímola coma un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo. Realízase de forma continua e considerarase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais coma colectivas.

Os criterios de avaliación de cada unha das áreas serán os referentes para coñecer, por unha parte, en que medida o alumnado desenvolveu as capacidades enunciadas tanto nos obxectivos da etapa coma nos de cada unha das áreas e, por outra, para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación na educación infantil constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado, dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual coma no colectivo.

A avaliación, que formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

Será global en canto deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ao contexto sociocultural do Centro e ás características propias do alumnado.

Terá un carácter continuo, pois considerarase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal os profesionais que atenden as nenas e nenos recollen de forma continua información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

A avaliación terá, en consecuencia, un carácter formativo, regulador e orientador do proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa.

Servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así coma as aprendizaxes. Para estes efectos, os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

Desenvolvemento do proceso de avaliación.

A coordinación do proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerza a tutoría, que recollerá a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular e que deberá deixar constancia das observacións e valoracións sobre o grao de adquisición das aprendizaxes de cada nena e neno.

A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e nenos e as entrevistas coas familias ou titores/as legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.

Coa fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación na educación infantil terá en conta aspectos tan relevantes coma:

- A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así coma a relación entre o profesorado e o alumnado.
- A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.
- A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores/as legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e fillos.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.
- A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.